XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE GALEGO

galicia

ESTATUTOS

EDERACION GALEGA DE PATINAXE

DILIXENCIA para facer constar que os presentes Estatutos da entidade ....FEDERACION GALEGA DE PATINAXE..... foron ratificados e inscritos co núm. ..F-002466.....no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).

Santiago, a ....8....de ....Outubro.....de 20 16

O/A FUNCIONARIO/A,

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE GALEGO

galicia

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Capítulo I

Réxime xurídico

Artigo 1º

A Federación Galega de Patinaxe no sucesivo FGP, é a entidade privada de utilidade pública que, sen ánimo de lucro reúne dentro do territorio da Comunidade Autónoma Galega, a clubs, seccións deportivas, deportistas, técnicos, xuices/arbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos adicados a práctica do deporte de patinaxe sobre rodas nas especialidades de Hóckey sobre Patíns, Patinaxe Artístico, Patinaxe de Velocidade, Hóckey sobre patíns en Liña, Skateboard, Roller Derby e Freestyle asi como outras especialidades, relativas a practica do patinaxe, que nun futuro podan ser asumidas, sendo o seu obxecto a promoción, organización e desenvolvemento en todo o territorio de Galicia.

Enténdese por clubs deportivos, as asociacións privadas integradas por persoas físicas ou xurídicas, que teñan por obxecto a promoción ou a práctica do patinaxe polos seus asociados, así como a participación en actividades e competicións deportivas. Tódolos clubs deberán inscribirse no correspondente rexistro de asociacións deportivas.

O recoñecemento para efectos deportivos dun club acreditarase mediante a certificación da inscrición a que se refire o apartado anterior.

Para participar en competicións de carácter oficial, os clubs deberán inscribirse previamente na Federación Galega de Patinaxe.

A FGP goza de personalidade xurídica propia e de plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins; exerce por delegación de funcións de carácter administrativo, en calidade de axente colaborador da Administración pública, e réxese polas disposicións contidas na Lei 3/2013 do 2 abril de e as súas correspondentes normas de desenvolvemento de ámbolos corpos legais: polos presentes estatutos e os seus regulamentos específicos; e polos acordos validamente adoptados polos seus órganos de goberno e representación.

Artigo 2º

1. A Federación Galega de Patinaxe, ademais das súas actividades propias de goberno, administración, xestión, organización e regulamentación de todo o patinaxe sobre rodas, exerce baixo a coordinación e tutela do órgano deportivo competente da administración autonómica designado de conformidade con o disposto no artigo 5-2 da Lei do Deporte de Galicia, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo:

a) Cualificar e organizar, se é o caso, as actividades e competicións oficiais de ámbito autonómico.

Para estes efectos a organización de tales competicións debe entenderse referida a regulación do marco xeral que para elas se establece no artigo 15 dos presentes estatutos.

b) Deseñar, elaborar e executar, os plans de preparación dos deportistas de alto nivel, así como participar na elaboración das listas anuais deles.

c) Colaborar co órgano deportivo competente da administración autonómica e coa Real Federación Española de Patinaje na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e métodos non regulamentarios no deporte.

d.) De ser o caso, e conforme a normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

e) Exerce-la potestade disciplinaria deportiva nos termos establecidos na Lei do deporte, as súas específicas disposicións de desenvolvemento e os presentes estatutos e regulamentos de aplicación.

f) Exerce-lo control das subvencións que se asignen a os clubes, entidades deportivas e deportistas nas condicións que fixe o órgano deportivo competente da administración autonómica.

g) Executar as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

h) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores, xuíces e árbitros segundo a normativa que sexa aplicable.

i) Elabora-los programas de promoción xeral e desenvolver programas de especialización.

j) Elabora-las normas técnicas e dirixir e regula-las actividades propias.

k) Resolver en vía de recurso as impugnacións contra os acordos dos órganos dos clubs deportivos que delas dependan.

l) A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren, para a cal os clubs deberán poñer a disposición da federación os deportistas elixidos.

m) Representar a Galicia en actividades e competicións deportivas de carácter estatal ou supraestatal organizando as seleccións autonómicas.

n) Colabora co órgano deportivo competente da administración autonómica, os entes locais e as agrupacións deportivas escolares na organización e no desenvolvemento dos programas xerais do deporte na idade escolar.

o) Aqueloutras funcións que poida encomendarlle o órgano deportivo competente da administración autonómica.

p) Colaborar coas administracións públicas e coa Federación Española de Patinaje, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.

2. Son funcións públicas delegadas, e exerceranse en réxime de exclusividade pola FGP, as seguintes:

a) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, conforme a normativa que lle sexa aplicable.

XUNTA DE GALICIA REGISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE PRESIDENCIA

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.

c) Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos en esta lei.

d) Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles den una correcta aplicación.

e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.

f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.

g) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

h) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, a FGP instruirán e resolverán os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte o establecido no título VIII da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia.

i) Calquera outra que regulamentariamente se determine.

3. As funcións públicas delegadas serán exercidas pola FGP baixo a tutela da Administración deportiva, que, conforme se determine regulamentariamente, procederá á súa asunción nos casos de extinción da federación ou cando esta se atope en situación concursal.

A FGP exercerá as funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación ou exercicio por ningunha substitución, sen autorización da Administración deportiva.

4. A FGP desempeñará, respecto ós seus asociados, as funcións de tutela, control e supervisión que lle recoñece o ordenamento xurídico deportivo.

5. A FGP non admite ningún tipo de discriminación, por ela ou polos seus membros, por razón de nacemento, raza, sexo, opinión ou calquera outras condicións persoais ou sociais.

6. Os actos realizados pola FGP no exercicio das función públicas de caracter administrativo, son susceptibles de recurso ante o órgano deportivo competente da administración autonómica, esgotando as súas resolucións a vía administrativa.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

7. En cumplimento do disposto no artigo 55 j) da Lei 3/2012, os acordos da FGP serán notificados mediante correo electrónico, e publicaranse na páxina web da mesma (www.fgpatinaje.com).

Artigo 3º

A FGP ten o seu domicilio social na Coruña, Complexo Deportivo Elviña – Rúa de Glasgow, 13 e dispón dunha oficina en Vigo na Avda. da Florida, 9 – 3º Ofc. 5. A FGP poderá establecer, ademais oficinas ou dependencias en calquer outra localidade dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, pero deberá contar para iso coa previa autorización da asemblea.

Artigo 4º

O ámbito da FGP no desenvolvemento das competencias que lle son propias, esténdese ó conxunto do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5º

Na súa condición de membro afiliado á Real Federación Española de Patinaje, a FGP ostenta con carácter exclusivo a representación de Galicia en todas e cada unha das actividades deportivas federadas que se practican sobre patíns de rodas e que se indican no artigo 1º dos presentes estatutos.

A FGP acepta e obrígase a cumpri-los estatutos da RFEP, todo iso, desde logo, dentro do ordenamento xurídico galego.

E tendo en conta que a RFEP está recoñecida polo Comité Olímpico Internacional (COI), no ámbito da súa actividade a FGP acata as reglas que rexen no dito organismo e as normas dimanantes do Comité Olímpico Español (COE).

Artigo 6º

A FGP ostenta a representación de Galicia nas actividades e competicións deportivas do patinaxe sobre rodas que se celebren fora e dentro do territorio galego, tendo para este efecto a competencia da elección dos deportistas que constituirán as correspondentes seleccións galegas.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Capítulo II

Órganos de goberno e representación

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

Artigo 7º

Os órganos de goberno e representación na FGP, serán necesariamente a asemblea xeral e o presidente. No seo da asemblea xeral constituirase unha comisión delegada, de asistencia a aquela.

Como órganos complementarios dos de goberno e representación, e para asistir ó presidente na estructura da FGP integraranse unha xunta directiva, un tesoureiro e un secretario da federación.

Son órganos electivos a asemblea xeral, a súa comisión delegada e o presidente; éste, libremente, poderá designar e revoga-los órganos complementarios.

Artigo 8º

A convocatoria das reunión dos órganos de goberno e representación da FGP, así como dos órganos complementarios colexiados, corresponde ó seu presidente, que é o da FGP, e deberá ser notificada ós seus membros, acompañada do orden do día, cos prazos de antelación previstos nos presentes estatutos.

Artigo 9º

Os órganos de goberno e representación da FGP e a complementaria xunta directiva, quedarán validamente constituídos, aínda que non se cumpliran os requisitos da convocatoria, sempre que concorran tódolos seus respectivos membros e así o acorden por unanimidade.

Artigo 10º

De tódolos acordos adoptados nas reunións dos órganos de goberno e representación da FGP e do complementario xunta directiva levantarase acta polo secretario da federación.

Nese documento, especificaranse os nomes das persoas asistentes ás ditas reunións e daquelas que interviñeron nelas; as circunstancias que se consideren pertinentes; o resultado da votación ou votacións, se as houbese e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado, así como as abstencións debidamente motivadas, facendo a comunicación do mesmo a os membros que os compoñen.

No suposto de que na estructura da FGP e a pesar do establecido no Art. 7º dos presentes estatutos, non se incorporase a figura do secretario da federación, o presidente desta será o responsable das funcións fedatarias, as cales, non obstante, poderá delegar na persoa que considere oportuno.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Artigo 11º

Os acordos dos órganos de goberno e representación da FGP e do complementario xunta directiva, adoptaranse por maioría simple de asistentes, salvo naqueles casos nos que se prevexa outra cousa polas leis e nos presentes estatutos.

Aínda que a validez dos ditos acordos condiciona por igual a tódolos integrantes da organización federativa, incluídos os disidentes ou discrepantes, os votos contrarios a aqueles e as abstencións motivadas eximirán das responsabilidades que, se é o caso, puideran derivarse de tales acordos.

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

Sección Primeira

A Asemblea Xeral

Artigo 12º

A asemblea xeral é o órgano superior de goberno e representación da FGP, e como tal, exerce o control da xestión federativa, tanto desde o punto de vista deportivo como desde os aspectos económico-financeiro e administrativo.

Estará composta polos representantes dos seguintes estamentos e proporcións:

a) Estamento de Clubs: (entre 60 e 75%)

b) Estamento de Deportistas: (entre 20 e 30%)

c) Estamento de técnicos: (entre 5 e 10%)

d) Estamento de Xuíces/a e Árbitros/as: (entre 5 e 10%)

O numero de membros da Asemblea Xeral quedará establecido en función do numero de entidades deportivas que formen parte da Asemblea Xeral.

Artigo 13º

Os membros da asemblea xeral serán elixidos cada catro anos, con carácter ordinario, en coincidencia cos anos dos Xogos Olímpicos de inverno, por sufraxio libre, igual, directo e secreto, por e entre os integrantes de cada un dos estamentos deportivos que configuran o expresado órgano superior.

As vacantes que se produzan, serán cubertas mediante o proceso electoral previsto no correspondente regulamento.

Os elixidos para cubri-las vacantes a que se alude no parágrafo anterior, ostentarán un mandato polo tempo que falte ata as próximas eleccións xerais á asemblea.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Artigo 14º

Os membros da asemblea xeral, electos pola súa condición persoal, cesarán:

a) Por falecemento.

b) Por dimisión.

c) Por convocatoria de novas eleccións xerais.

d) Por non ser titulares da licenza deportiva correspondente ó estamento ó que representan.

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

Artigo 15º

A asemblea xeral poderase reunir en pleno ou en comisión delegada. En sesión plenaria, reunirase unha vez ó ano, con carácter ordinario, dentro do primeiro semestre, para tratar de maneira necesaria e independentemente do asignado ó dito órgano superior nos presentes estatutos e que máis adiante se expresará dos seguintes asuntos:

a) A aprobación do orzamento anual e a súa liquidación.

b) A aprobación do calendario deportivo e as bases e regulamentos que rexerán as competicións.

c) A aprobación da memoria deportiva das actividades anuais.

d) Análise da xestión económica do ano anterior con aprobación, se procede.

Artigo 16º

As demais reunións da asemblea xeral terán carácter extraordinario e poderán ser convocadas a iniciativa do presidente, da comisión delegada, por maioría, ou dun número de membros da asemblea non inferior ó 25%.

Corresponderá de forma específica a asemblea xeral extraordinaria deliberar, tratar e resolver sobre os seguintes asuntos:

a) Aprobación e modificación de estatutos da FGP.

b) Elección e cesamento do presidente.

c) Mocións de censura.

d) Aprobación, por maioría de dous terzos dos asistentes, do gravame e alleamento dos bens inmobles.

e) A elección da súa comisión delegada, e a súa eventual renovación.

f) Aprobación da solicitude e contratación de préstamos.

g) Aprobación por maioría de dous terzos dos asistentes, da emisión de títulos transmisibles representativos de débedas ou de parte alícuota do patrimonio da FGP.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

h) Disolución da federación, sen perxuízo das competencias que nesa materia corresponden á o órgano deportivo competente da administración autonómica.

Artigo 17º

As convocatorias para as reunións da asemblea xeral que corresponde ó presidente da FGP, deberán notificarse ós seus membros acompañadas da orden do día cun mínimo dun mes de antelación a data na que se vaian celebrar aquelas.

Nos casos de urxencia debidamente xustificados, o mencionado prazo de tempo poderase reducir a 10 días naturais para que os membros da asemblea xeral poidan comparecer na reunión a que sexan convocados co dito carácter.

Nos casos en que se deba convocar con carácter extraordinario a asemblea xeral, para tratar dunha moción de censura ó presidente, será de aplicación o procedemento e prazos sinalados no artigo 33º dos presentes estatutos.

Artigo 18º

Para que unha reunión da asemblea xeral poida celebrarse validamente, requirirase que, en primeira convocatoria, estea presente a maioría dos seus membros e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asistentes. Entre ambas convocatorias, deberá transcorrer un espazo de tempo non inferior a media hora.

Xunta Electoral

1º O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.

2º A Xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplente, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presente a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

3º No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma.

Sección segunda

A Comisión Delegada da Asemblea Xeral

Artigo 19º

A comisión delegada da asemblea xeral da FGP é o órgano representativo dela, entre asemblea e asemblea que exerce funcións de coordinación en xeral e ocupase da preparación das cuestións ou asuntos que deban ser tratados nas reunións de dito órgano superior.

O número de membros da comisión delegada, así como o procedemento de elección, será fixado por o regulamento electoral da federación. A composición en ningún caso será inferior a 5 nin superior a 15 membros, debendo estar obrigatoriamente representados todos os estamentos, respetándose a proporcionalidade da asemblea xeral como membro nato.

Esta representación designarase por e entre os membros da asemblea xeral da FGP.

Artigo 20º

A comisión delegada xera elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. Para súa elección non será válido o voto por correo. O seus mandato coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida por o Presidente da federación como membro nato desta.

Os compoñentes da comisión delegada, que serán membros da asemblea xeral da FGP, elixiranse cada catro anos na forma expresada no punto anterior, se ben poderán cubrirse anualmente as vacantes que se produzan, polo seguinte candidato máis votado, neste caso os elixidos para ocupalas ostentarán un mandato polo tempo que falte ata as vindeiras eleccións á asemblea xeral.

O cesamento dos membros da comisión delegada da asemblea xeral da FGP, producirase polas causas que se indican no artigo 14º dos presentes estatutos.

Artigo 21º

A comisión delegada reunirase, como mínimo, unha vez cada catro meses, por proposta do presidente e o seu mandato coincidirá co da asemblea xeral da FGP.

Corresponde a comisión delegada da asemblea xeral, con independencia do asignado a mesma nos presentes estatutos e que despois se indicará, o tratamento das seguintes cuestións:

a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.

b) As modificacións do calendario deportivo.

c) As modificacións dos orzamentos e os regulamentos.

d) O seguimento da xestión deportiva e económica da FGP.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

As modificacións, dos puntos b) e c), non poderán exceder dos límites e criterios que a propia asemblea estableza.

A proposta sobre estes temas corresponde exclusivamente ó presidente da FGP ou a dous terzos dos membros da comisión delegada.

Artigo 22º

As convocatorias para as reunións da comisión delegada da asemblea xeral da FGP, que corresponde ó presidente da FGP, deberán notificarse ós seus membros acompañadas do orden do día cun mínimo de quince días de antelación a data na que vaian celebrar aquelas.

Nos casos de urxencia debidamente xustificados, o mencionado prazo de tempo poderá reducirse a sete días para que os membros da comisión poidan comparecer a reunión a que sexan convocados con dito carácter. En canto ós requisitos para a validez destas reunións rexiranse polas normas contidas no artigo 17º dos presentes estatutos.

Ás reunións da comisión delegada, poderán asisti-los asesores que o presidente estime oportuno, con voz pero sen voto.

Sección terceira

O Presidente

Artigo 23º

O presidente da FGP é o órgano executivo a FGP. Ostenta a súa representación legal; convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os acordos destes. Ten ádemas dereito a asistir a cantas sesións celebren calquera órganos e comisión federativas.

Ademais desas responsabilidades específicas, corresponde ó presidente a de designar e revogar, libremente, os membros da xunta directiva e os presidentes dos comités técnicos galegos.

Artigo 24º

O presidente da FGP será elixido cada catro anos, en coincidencia cos anos dos Xogos Olímpicos de inverno, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto, polos membros da asemblea xeral daquela.

Poderá presentar a candidatura a presidente da federación calquera persoa física sen que teña que ser membro da asemblea xeral debendo ser avalados, como mínimo, polo 10% dos membros do dito órgano superior e a súa elección levarase a cabo por un sistema de dobre volta no caso de que nunha primeira volta ningún dos candidatos presentados acadase a maioría absoluta dos votos dos membros presentes. Para súa elección non será válido o voto por correo.

Artigo 25º

No caso de que, excepcionalmente, quede vacante a presidencia antes de que transcorra o prazo de catro anos que se menciona no artigo anterior, a asemblea xeral da FGP procederá a nova elección para cubri-la dita vacante polo tempo que falte ata a terminación do período correspondente ó mandato ordinario. O procedemento para esta nova elección axustarase á orientación que se expresa no artigo anterior.

Artigo 26º

O presidente da FGP serao tamén da asemblea xeral e da comisión delegada, con voto de calidade no caso de empate na adopción de acordos nas sesións plenarias da asemblea xeral e na comisión delegada.

Artigo 27º

O candidato a presidente deberá reuni-las condicións seguintes:

a) Te-la condición política de galego, segundo o disposto no artigo 3 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

b) Ser maior de idade.

c) Estar en uso dos dereitos civís.

d) Non ter incorrido en ningunha sanción deportiva que o inhabilite.

Artigo 28º

O cargo de presidente da FGP poderá ser remunerado. O acordo para esa decisión e para determina-la contía da posible retribución ó presidente deberá adoptarse pola asemblea xeral da FGP en sesión extraordinaria e requirirá o voto favorable de dos terzos dos membros presentes na dita sesión.

A remuneración bruta que a asemblea xeral acorde para o cargo de presidente, incluídos os gastos sociais legalmente establecidos, non poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que a FGP reciba da Administración.

En todo caso, a remuneración do presidente da FGP concluirá ó remate do seu mandato, sen que tal remuneración poida estenderse máis alá da duración do mesmo.

Artigo 29º

Así mesmo, a asemblea xeral da FGP determinará o réxime de dedicación do presidente, para o que terá en conta as circunstancias de toda índole que concorran na organización funcional da FGP e a necesaria relación función/tempo; a este respecto, deberá entenderse que o desempeño do cargo de presidente da FGP será causa de incompatibilidade para ocupar postos directivos en calquera club que este integrado na FGP.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Artigo 30º

Tamén será incompatible o cargo de presidente da FGP coa actividade como deportista, técnico, xuíz ou árbitro de calquera modalidade ou especialidade deportiva integrada na FGP, tanto no ámbito desta como no nacional, sen prexuízo de non perde-la súa condición.

Artigo 31º

O presidente da FGP cesará:

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

a) Por transcurso do tempo para o que foi elixido.

b) Por falecemento.

c) Por dimisión.

d) Por moción de censura aprobada pola asemblea extraordinaria.

e) Por incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade previstas no artigo anterior, cando non renuncie á actividade ou cargo incompatible.

f) Sanción disciplinaria e/ou condena firme que o inhabilite para tal fin.

Artigo 32º

Nos casos de ausencia ou incapacidade temporal, o presidente da FGP será substituído polo vicepresidente da xunta directiva ó que se lle conferise tal función substitutoria do Presidente.

Artigo 33º

A moción de censura ó presidente da FGP deberá ser presentada, se é o caso, por un número de membros da asemblea non inferior ó 45% da totalidade daquela.

A moción de censura será presentada de forma razoada e facendo consta-lo nome do candidato alternativo ó presidente da FGP, o que, nun prazo máximo de quince días, deberá convocar con carácter extraordinario a asemblea xeral para que esta se reúna, tamén nun prazo máximo de quince días, coa dita moción de censura como único punto da orde do día.

Para que poida aprobarse a moción de censura requirirase dous terzos de votos afirmativos dos membros da asemblea.

Se a moción de censura non fose aprobada pola asemblea xeral, os seus signatarios non poderán presentar outra ata que transcorra un ano.

Se o presidente da FGP non convocase a asemblea xeral, a convocatoria correspondente será efectuada polo órgano deportivo competente da administración autonómica.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

A reunión extraordinaria da asemblea xeral da FGP na que se debata a moción de censura ó presidente será dirixida por unha mesa de idade constituída expresa e exclusivamente para tal fin polos 5 asembleístas de maior idade, actuando como presidente, pola súa vez, o de maior idade deles e como secretario o de menor idade.

Capítulo III

Órganos complementarios dos de goberno e representación

Artigo 34º

Conforme se indica no artigo 7º dos presentes estatutos, na FGP existen, como órganos complementarios dos de goberno e representación, a xunta directiva, o secretario e un tesoureiro da federación, sendo estes membros, segundo se establece nese mesmo artigo, designados e revogados libremente polo presidente da FGP.

Os compoñentes destes órganos complementarios dos de goberno e representación da FGP; excepción feita dun dos vicepresidentes da xunta directiva –o que deba substituí-lo presidente nas súas ausencias temporais- poderán non ser membros da asemblea xeral.

O secretario da FGP, cando actúe como tal, nas funcións que especificamente lle sinalen as seccións segunda e terceira do presente capítulo, non poderá actuar como membro da asemblea xeral.

Sección primeira

A xunta Directiva

Artigo 35º

A xunta directiva da FGP configúrase como o órgano complementario de colaboración co presidente na dirección e xestión deportiva, económica e administrativa, así como na execución dos órganos de goberno e representación da FGP.

Artigo 36º

A xunta directiva da FGP estará constituída polo presidente, un máximo de tres vicepresidentes, o tesoureiro, un número de vocais non superior a 11, e contará coa asistencia do secretario da federación.

Os cargos da xunta directiva non serán remunerados. Exceptúase o presidente, que poderá te-la retribución que, se é o caso, acorde a asemblea xeral, segundo se establece no artigo 28º dos presentes estatutos.

Artigo 37º

A xunta directiva da FGP reunirase en sesión ordinaria polo menos unha vez cada trimestre. As demais reunións que aquela poida celebrar terán o carácter de extraordinarias.

A convocatoria ás reunións da xunta directiva da FGP, que corresponde ó presidente dela, será notificada ós seus membros, acompañada da orde do día, polo menos con cinco días de antelación, salvo casos de urxencia, nos que con ese prazo poderá reducirse ó estrictamente necesario para que os ditos membros poidan asistir á reunión á que sexan convocados.

As reunións da xunta directiva da FGP convocadas en casos de urxencia serán sempre de carácter extraordinario.

Artigo 38º

Serán de aplicación ós membros da xunta directiva da FGP as incompatibilidades previstas para o presidente dela no artigo 29º dos presentes estatutos, salvo o suposto de ocupar postos directivos en clubs.

Artigo 39º

No que atinxe ás funcións de colaboración e asistencia asignadas á xunta directiva da FGP, intervirá esta nas seguintes cuestións:

a) Preparación da documentación que deba servir de base á asemblea xeral e á comisión delegada, para que estas exerzan as funcións que, respectivamente, lles corresponden e propoñe-las datas das reunións destes órganos de goberno e representación e a orde do día para as ditas reunións.

b) Propoñer á asemblea xeral a aprobación do Regulamento de eleccións á mesma e á presidencia da FGP, así como a convocatoria de tales eleccións, transformándose en comisión xestora.

c) Propoñer á comisión delegada da asemblea xeral a aprobación ou modificación dos regulamentos internos da FGP, tanto de organización como técnicos e de competición.

Todos estes trámites de proposta carecen da condición de preceptivos e non son vinculantes.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

Sección segunda

O Secretario da Federación

Artigo 40º

O secretario da federación é o órgano complementario que se ocupa das funcións de asistencia tanto ó presidente da FGP como ós demais órganos de goberno e representación dela. Especificamente terá como misión levanta-las actas das reunións deses órganos e, se é o caso, expedi-las certificacións que procedan dos actos deles, co visto e prace do presidente.

Artigo 41º

O presidente da FGP poderá determinar libremente o tempo de duración do nomeamento do secretario da federación, así como o momento da súa remoción.

Tamén será potestativo do presidente designar libremente para o cargo de secretario da federación a persoa que coide pertinente, sexa ou non membro da asemblea xeral da FGP, coa especificación sinalada no artigo 34º dos presentes estatutos.

Se o cargo de secretario recae nun membro da xunta directiva, non poderá ser retribuído.

Artigo 42º

Ademais das funcións específicas sinaladas no artigo 40º dos presentes estatutos, atribúense ó secretario da federación estoutras:

a) Recibir e expedi-la correspondencia oficial da FGP e leva-los libros de entrada e saída dela.

b) Aporta-la documentación precisa para as reunións dos órganos de goberno e representación da FGP, a través da xunta directiva.

c) Organizar, manter e custodia-lo arquivo da FGP, con especial atención ós libros de actas, expedindo as certificacións oportunas dos acordos dos órganos de goberno e representación.

d) Prepara-la memoria anual da FGP para presentala á comisión delegada da asemblea xeral.

e) Exerce-lo mando primario sobre o persoal laboral da FGP.

f) Preparar as reunións dos órganos de Goberno e Complementarios. Levantar as actas das súas reunións e responsabilizarse do Libro de Actas.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

Sección Terceira

O Tesoureiro

Artigo 43º

O tesoureiro é o órgano complementario responsable da administración da FGP, coas funcións específicas de leva-la contabilidade da federación e de exerce-la coordinación e inspección económica de tódolos órganos que a constitúen.

Artigo 44º

O presidente da FGP poderá designar libremente para o cargo de tesoureiro a persoa que considere idónea para desempeñalo, así como sinala-las condicións xerais para a incorporación, permanencia e cesamento do dito tesoureiro.

Artigo 45º

Ademais das funcións específicas sinaladas no artigo 43º dos presentes estatutos, atribúense o tesoureiro da FGP estoutras:

a) Coidar das operacións de cobros e pagamentos.

b) Levar e custodia-los libros de contabilidade.

c) Exerce-lo mando primario sobre o persoal da FGP, no caso de non existir secretario da federación.

d) Formula-los balances que periódica e anualmente se deban de presentar á comisión delegada da asemblea xeral.

e) Exerce-la inspección económica de tódolos órganos da FGP.

Artigo 46º

Para o movemento dos fondos da FGP o presidente contará coa sinatura autorizada pero mancomunada coa do tesoureiro –e, se é o caso, coa do vicepresidente designado para cubri-las ausencias temporais do presidente- sen ese requisito non poderá realizarse ningunha operación da dita natureza.

No caso de que non exista tesoureiro o presidente da federación será responsable de exercer estas funcións, podendo delegar na persoa que considere oportuno.

Artigo 47º

Os membros da xunta directiva da FGP que non pertenzan á asemblea xeral terán acceso ás sesións con dereito a voz pero sen voto.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Capítulo IV

Réxime de responsabilidade do presidente e dos membros da xunta directiva da federación.

Artigo 48º

1. O presidente e os membros da xunta directiva serán persoalmente responsables, fronte á propia federación, fronte aos seus membros ou fronte a terceiros:

a) Das obrigas que contraese a federación e que non teñan, ou tivesen, o adecuado apoio contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflicta a natureza e o alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxe fiel que debe producir aquela.

b) Das obrigas que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.

c) En xeral, dos actos ou das omisións que supoñan un prexuízo para a federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.

2. A responsabilidade descrita na línea anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo ou non interviñesen na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecéndoo, se opuxesen expresamente a aquel.

3 A responsabilidade regulada neste artigo é independente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incorrer, e que se esixirá consonte as disposicións xerais desta lei.

Capítulo V

Comités Técnicos

Artigo 49º

Os Comités Técnicos da FGP se corresponderan coas especialidades deportivas apuntadas no articulo primeiro dos presentes Estatutos. E serán os seguintes:

Comité Galego de Hóckey sobre Patíns

Comité Galego de Patinaxe Artística

Comité Galego de Patinaxe de Velocidade

Comité Galego de Hóckey en Liña

Asúmesmo na FGP constituirase de maneira obrigatoria un Comité Técnico de Árbitros e Xuíces que se coidará das súas propias competencias.

Artigo 50º

Os presidentes dos Comités do articulo anterior serán nomeados polo presidente da FGP e aprobado en reunión pola xunta directiva.

Artigo 51º

O Comité Técnico de Árbitros e Xuíces terá as seguintes funcións:

a) Establece-los niveis de formación de árbitros e xuíces.

b) Clasificar tecnicamente os árbitros e os xuíces.

c) Propoñer á presidencia da FGP os candidatos a árbitro ou xuíz de categoría nacional.

d) Designa-los árbitros e os xuíces que intervirán nas competicións de ámbito rexional.

e) Dita-las normas administrativas reguladoras das actividades dos árbitros e dos xuíces.

Artigo 52º

A xunta directiva da FGP poderá acorda-la constitución doutros comités técnicos, comisións, áreas ou agrupacións que considere convenientes para o mellor funcionamento dos colectivos e estamentos integrados na FGP.

Capítulo VI

Clubes, deportistas, técnicos, xuíces e árbitros

Artigo 53º

1.- Os clubs e as seccións deportivas dependentes da FGP -Hóckey sobre Patíns, Patinaxe Artístico, Patinaxe de Velocidade, Hóckey sobre patíns en Liña, Skateboard, Roller Derby, Freestyle asi como outras especialidades, relativas a practica do patinaxe-, integraranse por petición propia na FGP, sempre que se axuste a lexislación vixente e que se sometan ós estatutos e regulamentos da FGP, así como a dos órganos federativos en relación coas materias da súa competencia.

Análogos criterios e requisitos aplicaranse para a integración na FGP dos deportistas, técnicos, xuíces e árbitros.

2.- Tódolos membros da FGP teñen dereito a:

- Participar nas actividades da Federación, así como nos seus órganos de goberno e representación.

- Exerce-lo dereito ó voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo co disposto nos presentes Estatutos.

- Ser informados acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Federación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.

- A impugna-los acordos dos órganos da Federación que entendan contrarios á Lei e os Estatutos.

- Recibi-la tutela da Federación con respecto ós seus intereses deportivos comúns e individuais.

3.- Por outra banda, os membros da FGP teñen os seguintes deberes:

- Compartir as finalidades da Federación e traballar na súa consecución.

- Acatar e cumpri-los acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Federación, sen que iso obste no seu dereito de recorrer ante as instancias federativas competentes, e se é o caso, ante os tribunais de xustiza ou Dirección Xeral para o Deporte, segundo proceda, aqueles que consideren contrarios a dereito.

- Cumpri-los restos das obrigas que se deriven das disposicións estatutarias.

- En caso de incumprimento dos puntos anteriores perderan a sua condición de federados.

4.- Licencias Federativas

Todos os deportistas, técnicos e xuíces-árbitros, para participar nas actividades ou competicións deportivas federadas será preciso estar en posesión dunha licenza expedida pola FGP, a cal será expedida no prazo de 15 días dende a súa solicitude, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos deportivos establecidos para o seu expedición nestes estatutos regulamentos e normas.

As licenzas amparasen un seguro de asistencia sanitaria de acordo co contrato que teña asinado a FGP e cuxo importe estará incluído na cota que para a expedición das licenzas regulamentariamente se estableza.

A firma da licenza ten carácter de declaración formar respecto aos datos que figuran nesta. A falta de veracidade ou alteración dolosa dos datos consignados na solicitude será responsabilidade do asinante.

XUNTA DE GALICIA · REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE · P.R. GALICIA

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE FGP

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

Capítulo VII

Réxime económico-financeiro

Artigo 54º

A FGP ten o seu propio réxime de administración e xestión de orzamentos e patrimonio, sendo de aplicación as seguintes regras:

a) Poder promover e organizar actividades e competicións deportivas dirixidas ó público, debendo aplica-los beneficios económicos se os houbese, ó desenvolvemento do seu obxecto social.

b) Poder gravar e aluga-los seus bens inmobles, tomar préstamos de cartos e emitir títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, sempre que os ditos negocios xurídicos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade ou do seu obxecto social. En todo caso ademais do acordo da asemblea xeral será imprescindible o informe do órgano deportivo competente da administración autonómica designado de conformidade con o disposto no artigo 5-2 da Lei do Deporte de Galicia.

Cando se trate de bens inmobles que fosen financiados en todo ou en parte, con fondos públicos da Comunidade Autónoma galega, será preceptiva a autorización do órgano deportivo competente da administración autonómica para o seu gravame ou alugueiro.

c) Poder exercer, complementariamente, actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servizos e destina-los seus bens e recursos ós mesmos obxectivos deportivos, pero en ningún caso poderá repartir beneficios entre os seus membros.

d) Non se poderán comprometer gastos con carácter plurianual, no seu período de mandato ou pase do período de mandato do presidente, sen a autorización do órgano deportivo competente da administración autonómica.

Artigo 55º

O tesoureiro elaborará unha memoria na que se incluirá a liquidación do orzamento que analizará fielmente a actividade económica da FGP, e a súa adecuada actuación orzamentaria, o cumprimento dos obxectivos e dos proxectos a realizar, e informar separadamente como mínimo dos seguintes aspectos:

1. Diferenciación dos ingresos e aportacións.

a) Subvencións públicas.

b) Subvencións, donativos e aportacións privadas.

c) Venda de activos.

d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.

e) Ingresos para servicios prestados pola FGP, permisos, licencias e outros.

f) Ingresos financeiros.

2. Destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mínimo os grupos de custo e investimentos seguintes:

a) Administración da federación.

b) Competicións.

c) Axudas a clubs e outras entidades.

d) Axudas para actos deportivos.

e) Construccións e outros inmobilizados.

f) Formación de deportistas e técnicos.

g) Deportes de elite profesional.

h) Árbitros.

i) Órganos xurisdiccionais.

3. a) O importe das obrigas de pagamento que é necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance.

b) O importe das garantías dos avais comprometidos.

4. A liquidación do orzamento que explique as variacións en relación co orzamento aprobado na asemblea anterior.

Artigo 56º

A FGP someterase á inspección do seu réxime documental establecido no artigo 55.k da Ley 3/2012, así como ás auditorías financeiras sobre a totalidade dos gastos, se fose requirido para o mesmo pola Secretaria Xeral para o Deporte e nas condicións que este determine.

Artigo 57º

As contas anuais con peche económico a 31 de decembro de cada ano e os orzamentos teñen que estar no domicilio social da FGP cunha antelación da 15 días á celebración da asemblea, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto, as cales poderán pedir copia, que se lles entregará antes da celebración da asemblea.

Os orzamentos correspondentes a o seguinte exercicio económico, seran aprobados en asamblea a celebrar no último trimestre do seu exercicio económico, debendo remitirse á administración deportiva no prazo dun mes dende sua aprobación.

Capitulo VIII

Réximes Xurídico –Disciplinario

SECCION PRIMEIRA

Disposicións Xerais

Artigo 58º

O ámbito da disciplina deportiva na FGP, extendese as infraccións das regras de xogo ou competición e das normas xerais deportivas tipificadas na Lei 3/2012, do 2 abril, xeral do deporte de Galicia, e nas súas disposicións de desenvolvemento, nos presentes Estatutos e no Regulamento de Reximen Xuridico Disciplinario da FGP.

O disposto nestos Estatutos e no Reglamento Disciplinario que o desarrolla resulta de aplicación xeral nas actividades ou competicións de ámbito da Comunidade Autónoma Galega ou afecte a persoas que participen nelas.

Artigo 59º

O réxime Disciplinario Deportivo é independente da responsabilidad civil ou penal en que poidan incorrer os compoñentes da organización deportiva da FGP, citados no artigo anterior, responsabilidade que se rexerá pola lexislación que en cada caso corresponda.

Artigo 60º

Son infraccións ás regras de xogo ou competición, as accións ou omisións que, durante o curso do xogo, proba ou competición vulneren, impidan ou perturben o seu normal desarrollo.

Son infraccións ás normas xerais deportivas, as demais accións ou omisións que sexan contrarias ao disposto por devanditas normas.

SECCION SEGUNDA

Organización Disciplinaria

Artigo 61º

A potestade disciplinaria deportiva, exercerase pola FGP sobre todas as persoas que formen parte da súa propia estrutura orgánica; sobre os clubs e os seus deportistas, técnicos e directivos: sobre xuíces e árbitros e, en xeral, sobre todas aquelas persoas e entidades que, atopándose federadas, desenvolvan a actividade deportiva correspondiente no ámbito Autónomico. O exercicio da citada potestade disciplinaría deportiva, corresponderá, en primeira instancia, ao Comité Galego de Competición e Disciplina Deportiva e contra as resoluciones deste poderá recorrerse ante o Comité Galego de Apelación, que resolverá en última e definitiva instancia federativa.

Contra as resolucións do Comité Galego de Apelación poderán recorrerse ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. As decisións que adopte o Comité Galego de Xustiza Deportiva en aplicación da potestade sancionadora esgotan a vía administrativa e contra estas só se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo.

Artigo 62º

No exercicio das súas funcións, os órganos disciplinarios deportivos da FGP, dentro do establecido para a infracción de que se trate e no caso de que para a mesma sinálense mínimos e máximos aplicables, poderán impor a sanción no grao que estimen máis xusto, a cuxo efecto tomarán en consideración a natureza dos feitos, a personalidade do responsable e a concorrencia ó non de circunstancias agravantes ó atenuantes da responsabilidade.

SECCION TERCERA

Principios Disciplinarios

Artigo 63º

Considerarase, en todo caso, como circunstancia agravante de responsabilidad disciplinaría deportiva, a reincidencia.

Existirá reincidencia, cando o autor fose sancionado anteriormente por calquera infracción á disciplina deportiva de igual ou maior gravidade ou por dúas infraccións ou máis de inferior gravidade da que nese suposto trátese.

A reincidencia considerarase producida no transcurso dun ano, contando a partir do momento en que se cometeu a infracción.

Artigo 64º

Consideraranse, en todo caso, como circunstancias atenuantes da responsabilidade disciplinaría deportiva :

A) A do arrepentimento espontáneo.

B) A de preceder, inmediatamente á infracción, unha provocación suficiente.

C) A de non ser sancionado con anterioridade no transcurso da vida deportiva.

Artigo 65º

Consideraranse, en todo caso, como causas de extinción da responsabilidad disciplinaría deportiva:

A) O falecemento do inculpado.

B) A disolución do Club ou Federación Deportiva sancionada.

C) O cumprimento da sanción.

D) A prescrición das infraccións ou das sancións impostas.

E) A perda da condición de deportista federado, cando esta mesma, prodúcese de forma voluntaria. Esta extinción terá efectos suspensivos respecto de calquera modalidade deportiva, de conformidade co disposto no artigo nº 9 do R.D. 1591/1992 de 23 de decembro.

Artigo 66º

Por uns mesmos feitos non poderá imporse unha dobre sanción. Aplicaranse as sancionnes con efectos retroactivos cando estas resulten máis favorables e non poderá sancionarse por infraccións non tipificadas con anterioridade ao momento da infracción.

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

SECCION CUARTA

Infraccións

Artigo 67º

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. As sancións correspondentes aplicaranse en función da clasificación das infraccións.

Artigo 68º

Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba, encontro ou competición.

b) Os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos xogadores ou técnicos, cando se dirixan ao árbitro, aos xurados, a outros xogadores, técnicos ou ao público.

c) Os quebrantamentos de sancións impostas.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas de cada deporte cando poidan alterar a seguridade da proba, do encontro ou da competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.

e) Non executar ou desobedecer as resolucións no ámbito disciplinario do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

f) A inasistencia sen xusta causa dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.

g) A aliñación indebida e non comparecer ou retirarse inxustificadamente das probas, dos encontros ou das competicións.

h) A reincidencia na comisión de faltas graves. Entenderase que hai reincidencia na comisión cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período dun ano. Da infracción á que se refire a letra e) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

Artigo 69º

Considerararanse infraccións graves as seguintes:

XUNTA DE GALICIA · REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE · PRESIDENCIA

a) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.

b) O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.

c) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e o decoro propios da actividade deportiva.

d) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano. Das infraccións ás que se refiren as letras a) e b) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

Artigo 70º

Considerararanse infraccións leves as seguintes:

a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.

b) A incorrección co público, cos compañeiros e cos subordinados.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

SECCION QUINTA

Sancións

Artigo 71º

Sancións.

1. Pola comisión de faltas moi graves impoñeranse as seguintes sancións:

a) Multa en contía non superior a 1.500 euros.

b) Perda de puntos ou postos de clasificación.

c) Perda de ascenso de categoría ou división.

d) Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada.

e) Suspensión ou privación da licenza federativa ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos nunha federación deportiva por un prazo máximo de cinco anos.

f) Privación da licenza federativa, cancelación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia ou privación da habilitación para ocupar cargos na federación deportiva a perpetuidade. Esta sanción só se poderá acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.

g) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas por directivos.

h) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.

2. Pola comisión de faltas graves impoñeranse as seguintes sancións:

a) Amoestación pública.

b) Multa en contía non superior a 1.000 euros.

c) Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro encontros ou tres meses.

d) Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou, se é o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.

3. Pola comisión de faltas leves impoñeranse as seguintes sancións:

a) Apercibimento.

b) Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dun a tres encontros ou probas.

4. As federacións deportivas poderán establecer un sistema de infraccións e sancións que, como mínimo, deberá recoller o disposto nesta lei.

5. As multas só se lles poderán impoñer ás entidades deportivas e aos que, conforme esta lei, sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais.

XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

SECCION SEXTA

Disposicións Xerais para a determinación e imposición de sancións

Artigo 72º. Principio de proporcionalidade.

1. No establecemento de sancións pecuniarias deberase prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

2. Na determinación do réxime sancionador, así como na imposición de sancións polas administracións públicas, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.

3. Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.

4. En función das circunstancias previstas nas alíneas anteriores, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. De ser o caso, de concorreren circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAGE

Artigo 73º. Circunstancias modificativas da responsabilidade.

1. Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimento espontáneo e a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.

2. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.

3. Entenderase producida a reincidencia cando a persoa infractora cometa, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.

4. Os órganos disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren adecuado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

Artigo 74º. Causas de extinción da responsabilidade.

XUNTA DE GALICIA · REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE · PRESIDENCIA

A responsabilidade disciplinaria extínguese:

a) Polo cumprimento da sanción.

b) Polo falecemento da persoa inculpada.

c) Por disolución da entidade ou da federación deportiva sancionadas.

d) Por prescrición das infraccións ou sancións.

Artigo 75º. Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves prescribirán ao ano e, as leves, ao mes.

2. O termo de prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómpese no momento no que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo restablecerase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.

3. As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a

sanción, ou desde o momento no que se quebrantase o seu cumprimento se este xa comezase.

SECCIÓN SÉTIMA

Procedementos disciplinarios deportivos

Artigo 76º

Como principio fundamental, establécese que unicamente se poderán impor sancións en virtude de expediente instruído ao efecto con arranxo aos procedementos regulados no Regulamento de Reximen Xuridico Disciplinario da FGP

XUNTA DE GALICIA · REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE · PRESIDENCIA

Artigo 77º. Clases de procedementos.

1. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario.

2. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición.

3. O procedemento ordinario será aplicable para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.

Artigo 78º. Regras comúns aos procedementos.

1. No non previsto nestes Estatutos, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 3/2012, de Deporte de Galicia, e no non previsto nesta lei, será de aplicación supletoria a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1398/1993, do 4 agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.

3. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

4. As actas subscritas polos xuíces ou árbitros do encontro, da proba ou da competición constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas. As manifestacións do árbitro ou xuíz plasmadas nas citadas actas presúmense certas, agás proba en contrario.

Artigo 79º. Procedemento abreviado.

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

As regras ás que se debe axustar o procedemento abreviado son as seguintes:

1. Iniciación:

a) O procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflicta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscrita polo xuíz ou árbitro e polos competidores ou polos delegados dos clubs. No suposto de que os feitos susceptibles de ser sancionados non estean reflectidos na acta, senón mediante anexo, o procedemento iníciase no momento no que teña entrada na correspondente federación o anexo da acta do partido ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuizamento. Ademais, designarase unha persoa instrutora que exercerá as funcións de impulso na ordenación do expediente e de secretaria ou secretario, e serán aplicables as causas de abstención e recusación reguladas na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

b) Tamén se pode iniciar por instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da federación correspondente dentro do segundo día hábil seguinte ao día no que se realizase a proba ou competición.

2. Tramitación e resolución:

a) No prazo de dous días, que se contarán desde a notificación prevista na alínea anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados na acta, no anexo ou na denuncia. Poderán propoñer ou achegar tamén, se é o caso, as probas pertinentes. A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.

b) O órgano instrutor trasladaralle, no prazo máximo de dous días que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica da proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoña. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade. A resolución deberáselles notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que se poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

3. En función das propias características de cada federación deportiva, os seus estatutos poderán reducir os prazos previstos nas alíneas anteriores e a simplificación dos trámites previstos nelas.

Artigo 80º. Procedemento ordinario.

As regras ás que se debe someter o procedemento ordinario son as seguintes:

1. Iniciación:

a) O procedemento iníciase por acordo do órgano competente, de oficio ou por instancia de persoa interesada.

b) O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberáselle notificar á persoa interesada. Serán aplicables ao instrutor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas no capítulo III do título II, artigos 28 e 29, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Tramitación:

a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou por instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

b) O acordo de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.

c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.

d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable –e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer– ou ben propo- ñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións. A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

XUNTA DE GALICIA · REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE · PRESIDENCIA

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

3. Resolución:

a) Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitiralle o expediente ao órgano competente para resolver.

b) A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común e ditarase no prazo máximo de dez días hábiles.

4. En función das propias características de cada federación deportiva, os seus estatutos poderán reducir os prazos previstos nas alíneas anteriores e a simplificación dos trámites previstos nelas.

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

Artigo 81º.

Lexitimación para recorrer contra as sancións. Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición.

SECCIÓN NOVENA

Órganos Disciplinarios Deportivos

Artigo 82º

Os órganos disciplinarios deportivos aos que corresponde o exercicio da potestade desta natureza son o Comité Galego de Competición e Disciplina Deportiva e o Comité Galego de Apelación, nas súas respectivas instancias e competencias.

Artigo 83º

Tanto o Comité Galego de Competición e Disciplina Deportiva, como o Comité Galego de Apelación tendrán carácter UNIPERSONAL, debendo ser seus membros licenciados en dereito. Seus nomeamentos e cesamentos, que corresponden ao presidente da FGP, serán comunicados posteriormente á Asemblea Xeral.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Notificacións e recursos

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

1.- Notificacións

Artigo 84º

Toda providencia ou resolución que afecte aos interesados, no procedemento disciplinario deportivo regulado nos presentes Estatutos, será notificado a aqueles no máis breve prazo posible, co límite máximo de dez días hábiles.

As notificacións faranse de acordo coas normas previstas na lexislación do procedemento administrativo común.

Artigo 85º

Con independencia da notificación persoal, poderá acordarse a comunicación pública das resolucións sancionadoras pero, en tal caso, haberá de respectarse o dereito á honra e á intimidade das persoas, conforme á lexislación vixente.

No entanto, as providencias e resolucións non producirán efectos para os interesados ata a súa notificación persoal.

Artigo 86º

As notificacións deberán conter o texto íntegro da resolución, coa indicación de se é ou non definitiva, a expresión das reclamacións ou recursos que procedan, órgano ante o que houbesen de presentarse e prazo para interpor unhas e outros.

2.- Recursos

Artigo 87º

As resolucións disciplinarías ditadas en primeira instancia e por calquera procedemento, polo Comité Galego de Competición e Disciplina Deportiva, poderán ser recorridas, no prazo máximo de dez días hábiles, ante o Comité Galego de Apelación.

As resolucións ditadas polo Comité Galego de Apelación da FGP en materia de disciplina deportiva de ámbito Autonómico e que esgoten a vía federativa, poderán ser recurridas, no prazo de quince días, ante o Comité Galego de Xusticia Deportiva da Xunta de Galicia.

As resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva esgotan a vía administrativa e executaranse, no seu caso, a través da FGP, que será responsable do seu estrito e efectivo cumprimento.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Artigo 88º

Se concorresen circunstancias excepcionais no curso da instrucción dun expedente disciplinario deportivo, os órganos competentes para resolver poderán acordar a ampliación dos prazos previsto ata un máximo de tempo que non pase a metade dos mesmos, corrixida por exceso.

Artigo 89º

As peticións ou reclamacións expostas ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, deberán resolverse de xeito expresa no prazo non superior a quince días. Transcorrido devandito prazo, entenderanse desestimadas.

Artigo 90º

Os escritos en que se formalicen reclamacións ou recursos, deberán conter:

a) Nome e apelidos da persoa física ou denominación social dos entes asociativos interesados, con expresión, no seu caso, do nome e apelidos do seu representante.

b) As alegacións que se estimen pertinentes, así como as propostas de probas que ofrezan en relación con aquelas e os razoamentos e preceptos en que se baseen ou fundamenten as súas pretensións.

c) As pretensións que deduzan de tales alegacións, razoamentos e preceptos.

Artigo 91º

Para formular recursos ou reclamacións, contarase a partir do día seguinte hábil ao da notificación da resolución ou providencia, se estas fosen expresas. Se non o fosen, o prazo será de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao que deban entenderse desestimadas as peticións, reclamacións ou recursos, conforme ao sinalado no artigo 93 destes Estatutos.

Artigo 92º

A resolución dun recurso confirmará, revogará ou modificará a decisión recorrida, sen que en caso de modificación poida derivarse maior prexuízo para o interesado, cando este sexa o único recorrente.

Se o órgano disciplinario deportivo competente para resolver estimase a existencia de vicio formal, poderá ordenar a retroacción do procedemento ata o momento en que se produciu a irregularidade, con indicación expresa da fórmula para resolvela.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Artigo 93º

A Resolución expresa dos recursos polo Comité Galego de Apelación deberá producirse nun prazo non superior a trinta días. En todo caso e sen que iso supoña a exención do deber de ditar resolución expresa transcorridos trinta días hábiles sen que se dite e notifique a resolución do recurso interposto, entenderase que este foi desestimado, momento en que quedará expedita a vía procedente.

Capítulo IX

Réxime documental

Artigo 94º

Integran en todo caso o réxime documental da FGP:

a) O libro de rexistro de clubs deportivos.

b) Libro de actas, dos órganos de goberno e representación.

c) Os libros de contabilidade.

d) Libro inventario de bens mobles e inmobles.

Capitulo X

Procedemento para a reforma dos Estatutos

Artigo 95º

Os Estatutos da FGP, unicamente poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral reunida en sesión extraordinaria e plenaria, previa inclusión expresa na Orde do Día da modificación que se pretende.

A proposta de modificación dos Estatutos, poderá ser efectuada pola Xunta Directiva da FGP, Comisión Delegada por maioría absoluta, ou por un terzo dos membros da propia Asemblea.

Artigo 96º

Acordada pola Asemblea Xeral reunida en sesión Extraordinaria a modificación da Estatutos, esta será sometida á aprobación do órgano deportivo competente da administración autonómica; obtida esa aprobación, a modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOGA). Ao mesmo tempo, dita modificación será inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas correspondente.

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Artigo 97º

Coa convocatoria para a reunión extraordinaria da Asemblea Xeral, na que deba tratarse a reforma dos Estatutos, deberá enviarse a todos os membros dese órgano superior a proposta ou propostas de modificación, cunha antelación mínima de quince días naturais á data en que a citada

Capítulo XI

Disolución e liquidación

DILIXENCIA para facer constar que os presentes Estatutos da entidade FEDERACION GALEGA DE PATINAXE foron ratificados e inscritos co núm. ..... no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).

Santiago, a 8 de Outubro de 2016

O/A FUNCIONARIO/A,

XUNTA DE GALICIA · REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE · PRESIDENCIA

Artigo 98º

A FGP extinguirase polas seguintes causas:

a) Polas previstas nos presentes estatutos.

b) Por revogación do seu recoñecemento.

c) Por resolución xudicial.

d) Por integración noutras federacións deportivas galegas

e) Polas demais previstas no ordenamento xurídico xeral.

Artigo 99º

No caso de disolución da FGP, o seu patrimonio neto, se o houbese, aplicarase á realización de actividades análogas, determinando o órgano deportivo competente da administración autonómica o seu destino concreto.

Aprobados na Asemblea extraordinaria da Federación Galega de Patinaxe celebrada o 6 de Xuño do 2008, e modificados na Asemblea extraordinaria celebrada o 24 de maio de 2013.

O Secretario

FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

Vº Bº

O Presidente FGP